



CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS PARA A ELABORACIÓN DA EDICIÓN ELECTRÓNICA DO DIARIO OFICIAL DE GALICIA

PROPOSTA E RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Sistema de adxudicación: procedemento aberto art. 122 , 134 e 141 a 145 (LCSP)

Data da acta de apertura da documentación xeral (sobre A): 04/04/2011

Data da acta de apertura de criterios non avaliados automaticamente (sobre B): 07/04/2011

Data da acta de apertura de criterios avaliados automaticamente (sobre C): 02/05/2011

Data do informe técnico de valoración das ofertas: 02/05/2011

Data da acta da proposta de adxudicación: 03/05/2011

Empresas presentadas: 1

Empresas admitidas: 1

Empresa proposta como adxudicataria: LA VOZ DE GALICIA, S.A.

Data de requirimento de documentación ao proposto como adxudicatario: 03/05/2011

Data de recepción da documentación requirida: 13/05/2010

Data prevista para o inicio da execución desta contratación: 01-05-2011

Data do acordo do Consello da Xunta para a reanualización do importe de adxudicación: 13-05-2011.

Recurso procedente e prazo de interposición: Contra esta resolución de adxudicación procederá o recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 310.1 da Lei de contratos do sector público e o prazo para a súa interposición é de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación ao único licitador e candidato neste procedemento aberto.

PROPOSTA

Á vista das actas da mesa de contratación e, en especial, do informe que serviu de base á formulación desta proposta de adxudicación realizada pola mesa de contratación con data do 3 de maio de 2011, e unha vez que foi presentada a documentación requirida á empresa proposta como adxudicataria dentro do prazo de 10 días hábiles seguintes á recepción do antedito requirimento, faise a seguinte proposta de adxudicación:

Primeiro: Adxudicar a contratación do **servizo consistente na realización de traballos para a elaboración da edición electrónica do Diario Oficial de Galicia** á proposición presentada pola empresa **LA VOZ DE GALICIA, S.A.** O importe de adxudicación é o seguinte:

Importe neto: 579.661,02 €

IVE (18%):..... 104.339,98 €

Importe total: 684.000,00 €

Sendo a data prevista para o inicio da execución do contrato o 1 de maio, tralo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de maio de 2011, o importe desagregase por anualidades do seguinte xeito:

Anualidade 2011: 399.000,00 € (Período previsto dende o 1 de xuño ata o 31 de decembro de 2011, reanualizado tralo antedito acordo do Consello da Xunta)

Anualidade 2012: 285.000,00 € (Período previsto dende o 1 de xaneiro ata o 31 de maio de 2011, reanualizado tralo antedito acordo do Consello da Xunta)



O prazo da execución da prestación deste servizo é de doce meses a contar dende a data da formalización do contrato.


Segundo: Proceder á notificación desta adxudicación ao beneficiario, único licitador neste procedemento, así como á súa publicación no perfil do contratante, e de ser o caso, nos diarios oficiais que correspondan.

13 MAI. 2011

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Beatriz Cuiña Barja



FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA
 INTERVIDO E CONFORME
 (Os efectos do art. 127 B) DO R.D. 1999
 O INTERVENTOR

Eduardo Martínez Carreira

Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

RESOLUCIÓN: Vista a proposta precedente presentada pola Secretaría Xeral Técnica, préstolle a miña aprobación nos seus propios termos.

Santiago de Compostela,

13 MAI. 2011

O CONSELLEIRO
 P.D. (Orde do 27/04/2009)
 A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Beatriz Cuiña Barja

